

\* \* \*

## **AGOLADA**

### **REGULAMENTO INTERNO DO SAF NO CONCELLO DE AGOLADA**

#### *INTRODUCCIÓN*

O presente regulamento ten por obxeto a regulamentación dentro do Concello de Agolada de prestacións de Servizos de Axuda no Fogar (SAF), que no marco da legislación vixente compete a este Concello.

A actual ordenanza reguladora do SAF do Concello de Agolada, inscribese dentro do ámbito de actuación da Lei 4/1993, do 14 de Abril, de Servizos Sociais; da Lei 7/1985, do 2 de Abril, reguladora das bases de réxime local; do Decreto 240/1995, do 28 de Xullo, polo que se regulan os Servizos Sociais de Atención Primaria; e da Orde do 22 de Xullo de 1996 pola que se regula o SAF.

#### *DEREITOS DOS USUARIOS*

- As persoas usuarias do servizo, ademais dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen no artigo 6 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais, terán dereito: Recibir a información que afecta ás condicións e contados das prestacións.

- Recibir as prestacións axeitadas as súas necesidades, coa calidade e condicións, contados e duración que en cada caso se determinen.
- Recibir orientación respecto de recursos alternativos que resultasen necesarios para a súa situación.
- Recibir información das modificacións que puidieran producirse no réxime da prestación.
- Ser tratadas con respecto e dignidade.
- Coñecer el regulamento do servizo e a organización do mesmo.
- Ser tratados con confidencialidad os seus datos, ao abeiro da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de Decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Exercer o dereito de queixa conforme ás disposicións vixentes.

Presentar suxestións ao persoal responsable do servizo

#### DEBERES DOS USUARIOS

As persoas usuariassa demais dos deberes que con carácter xeral se contemplan no artigo 7 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais, terán os seguintes deberes:

- Adoptar una actitude colaboradora e manter un trato correcto no desenvolvemento da prestación do servizo, respetando a dignidade persoal e profesional das persoas que prestan o servizo.
- Achegar canta información sexa demandada en orde á avaliación das circunstancias persoais, familiares e sociais que poidan determinar a necesidade dad prestación do servizo.
- Informar de calquera cambio que se produza na súa situación persoal, familiar, social e económica, que puidera dar lugar á modificación, suspensión ou extinción do servizo.
- Cumprir coas condicións do servizo, facilitando a execución das tarefas do persoal do servizo.
- Poñer a disposición do persoal que desenvolve as tarefas do servizo, se fose o caso, os medios materiais e instrumentais necesarios.
- Colaborar, na medida das súas capacidades, no desenvolvemento do servizo e nos termos acordados no programa individual, asinado mediante contrato.
- Respetar os límites das obrigas laborais das persoas que prestan o servizo.
- Comunicar as ausencias temporais do domicilio que requiran unha suspensión temporal do servizo, con un mínimo de 15 días de antelación.

- Participar no pagamento do servizo nos termos que figuren na resolución da concesión do servizo, debendo aboar ao Concello ou , no seu caso a entidade addxudicataria do servizo, o prezo público mensual dentro dos 10 primeiros días de cada mes.

#### SERVIZOS PRESTADOS

O SAF ofrecerá unha atención integral e polivalente ás/ós usuarias/os, abarcando a cobertura de diferentes necesidades da persoa e/ou familia, apoiando e estimulando os aspectos de relación humana, a autoestima e a mellora das condicións de vida.

Tódalas atencións, actividades e tarefas ás que se fai referencia neste artigo, aplicaranse sempre con carácter complementario das propias capacidades dos/as usuarios/as ou doutras persoas do seu entorno inmediato; e non eliminando nin substituíndo as tarefas que a/o usuario/a poida realizar e en ningún caso suplantarán as responsabilidades familiares.

As actividades que se van desenvolver dende o SAF poderán ser complementarias doutras intervencións realizadas polos distintos profesionais doutros programas e proxectos do Servizos Sociais.

As distintas prestacións ás que se fai referencia neste artigo, deberanse desenvolver en catro ámbitos: preventivo, asistencial, rehabilitador e educativo.

As prestacións que se ofrecen dende o SAF concretaranse nos seguintes tipos de atencións:

##### 1).—Atencións de carácter persoal:

Fai referencia a todas aquelas atencións dirixidas ó/á usuario/a do servizo cando non poida realizarlas por si mesmo/a ou cando precise apoio e/ou axuda para o desenvolvemento das seguintes actividades:

- Apoio e asistencia para erguerse e deitarse.
- Apoio e/ou realización da hixiene persoal: baño, cambio de roupa..., especialmente en persoas encamadas e incontinentes.
- Control do réxime alimentario e axuda persoal para aqueles/as usuarios/as que non podan comer por si mesmos.
- Supervisión na toma da medicación e administración, se procede, de medicamentos simples prescritos polos facultativos.
- Tarefas de compañía fora do fogar para a realización de trámites, xestións, visitas médicas, e outras.
- Mobilización dentro do fogar e orientación espacio-temporal (traslados, desplazamentos, cambios posturais, etc.).

- g. Adestramento na realización das actividades da vida cotiá no entorno doméstico que potencien a autonomía do/a usuario/a.
- h. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- i. Calquera outra atención de carácter persoal e específico necesarias para acadar a finalidade do servizo e sinalada no informe social.

2).—*Atencións de carácter doméstico e da vivenda:*

Entendense como tales aquelas actividades e tarefas que se teñen que desenvolver no domicilio do/a usuario/a referidas a:

- a. Limpeza da casa.
- b. Adquisición de alimentos e outras compras por conta do/a usuario/a.
- c. Preparación de alimentos no fogar.
- d. Lavar, pasar o ferro e reparar e ordear a roupa.
- e. Limpeza e mantemento da higiene e salubridade na vivenda.
- f. Pequenos arranxos alementis na vivenda do/a usuario/a.
- g. Calquera outra tarefa necesaria para o normal funcionamento do domicilio do usuario/a, e sinalada no informe social.

Estas atencións poderán ser facilitadas en parte, no seu día, por servizos complementarios que poidan ponerse en funcionamento (lavandería, xantar sobre rodas, etc.) ben polo propio Concello, o por outras administracións.

3).—*Atencións de carácter psico social e educativo:*

Refírense ás intervencións de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, da organización da economía doméstica, da afectividade, da convivencia e estruturación familiar, e da integración na comunidade onde se desenvolva a vida do/a usuario/a. Consideranse atencións de carácter social e educativo as seguintes:

- a. Organización doméstica.
- b. Axuda a integración e socialización do/a usuario/a.
- c. Cambios de hábitos de orde e limpeza.
- d. Apoio na organización do orzamento familiar.
- e. Apoio e orientación nos cambios da dinámica familiar e na estruturación familiar, relacionados coa súa normalización.
- f. Práctica en habilidades sociais.
- g. Facilitar actividades de ocio no propio fogar.
- h. Axuda no manexo da correspondencia, teléfono, etc.

- i. Comunicación e dialogo co/a usuario/a durante o tempo que dure a prestación.
- j. Calquera outra tarefa necesaria para o desenvolvemento das capacidades persoais, de convivencia e de relación co entorno, e sinalada no informe social.

4).—*Atencións de carácter técnico e complementario:*

Inclúense aquelas xestións ou actuacións que se avalíen precisas e axeitadas, ben para a posta en funcionamento do servizo, ben para a mellora das condicións do mesmo, ou para permitir, co apoio de novas tecnoloxías, unha atención inmediata en situación de crise ou emergencia, coa aplicación de recursos tales como teleasistencia, axudas técnicas e outras actuacións encamiñadas á adecuación funcional do fogar.

*HORARIOS NA OFICINA BASE*

As solicitudes e información aos usuarios atenderanse en horario de 8.30 horas a 14.30 horas, tódolos días da semá, durante todo o ano.

*HORARIOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO*

Establécese como horario do SAF de luns a venres, quedando excluído o fin de semana, noites e xornadas festivas. O tempo de atención de cada usuario no excederá das 45 horas mensuais; excepcionalmente e de xeito extraordinario o tempo de atención poderase incrementar, naqueles casos que, por motivos alleos a vontade do usuario estén pendentes da aplicación dun recurso máis axeitado a súa situación.

A intensidade do SAF para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación de horario será flexible e conforme co plan de cuidados, de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria ademais dos días laborais os fins de semana e festivos.

*PERSOAS DESTINATARIAS E REQUISISTOS*

O SAF é unha prestación dirixida a toda a poboación do Concello da Agolada en situación de especial atención, e dicir, aquelas persoas ou unidades de convivencia, que polas súas capacidades físicas ou mentais, socioeconómicas ou familiares, teñan seriamente limitada a súa capacidade de relación social, e que precisen dalgunhas das atencións establecidas no artigo 3º desta ordenanza.

Establécese dúas modalidades destinatarios/as:  
MODALIDADE A:

Poderán ser potenciais usuarios/as do SAF na modalidade A, aquelas persoas e unidades de convivencia, que, sen ter recoñecida valoración de de-

pendencia ao abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, a súa situación persoal e/ou familiar se encadren nun marco de problemáticas concretas tales como:

- a) Persoas con certo nivel de dependencia que non teñan apoio de ninguén e que con esta axuda, poidan continuar vivindo no seu fogar.
- b) Persoas con discapacidade ás que a axuda no fogar lles poida mellorar seu nivel de desenvolvemento peersoal.
- c) Familias que teñan anciáns, persoas con discapacidades ou enfermos crónicos ó seu cargo e que precisan axuda para poder continuar atendéndoos.
- d) Persoas afectadas por una lesión, enfermidades físicas ou mentais ou por outros motivos, precisen das prestacións do SAF.
- e) Persoas e familias con grave risco de desestructuración.
- f) Familias con menores a os que haxa que cuidar ou atender por ausencia dos pais ou titorres, ou cando estes por circunstancias provisionais de enfermidade ou outros motivos, non poidan exercer as súas tarefas e non poidan proporcionarlles os coidados e atencións axeitadas.
- g) Outras situacións persoais ou familiares que presente situacións de risco e/o exclusión social.
- h) Situación de sobrecargas familiares por calquera outra circunstancia non sinalada anteriormente e que sexan avaliadas polos técnicos de Servizos Sociais como necesaria de ser atendidos dende o SAF.

En xeral, poderán ser usuarios/as do SAF aquelas persoas e/ou familias nas que existe unha situación de necesidade de atención, e que de acordo coa valoración do traballador/a social do servizo social municipal de atención primaria, supoña o SAF o recurso idóneo de atención.

#### MODALIDADE B:

Serán usuarios/as do SAF na modalidade B, aquelas persoas que teñan a resolución de recoñecemento da situación de dependencia, co correspondente grao e nivel, ó abeiro da Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, e que teñen a resolución do Programa Individual de Atención (PIA) onde se determine o SAF.

O acceso ao SAF producirase a través dos servizos sociais municipais de atención primaria de Agolada.

Os requisitos para poder ser usuarios/as del SAF serán os seguintes:

#### MODALIDADE A

- 1) Estar empadronado e con residencia efectiva no Concello de Agolada.
- 2) Atoparse nalguha situación sinalada na presente ordenanza.
- 3) Formular a correspondente solicitude coa documentación, na forma e lugar establecidos na presente ordenanza.
- 4) Que exista un informe social coa prescripción técnica do SAF favorable.
- 5) Alcanzar unha puntuación mínima de 5 puntos en los baremos establecidos

#### MODALIDADE B

O acceso ao servizo será directo para as persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución.

- 1) Estar empadronado e con residencia efectiva no Concello de Agolada.
- 2) Ter a resolución emitida polo órgano competente da Administración ao abeiro da Lei 39/2006 do 14 de Decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, do recoñecemento do grao e nivel de dependencia e a resolución do Programa Individual de Atención (PIA) onde se determine o servizo de axuda no fogar.

#### CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

1. O servizo de axuda no fogar estará integrado nos servizos sociais comunitarios básicos de titularidades municipal e será coordinado por un/a traballador/a social dos servizos sociais do Concello de Agolada
2. No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.
3. No acceso en libre concurrencia, a tramitación das solicitudes farase nos servizos sociais do Concello, que levará a apertura dun expediente individual, ó que lle achegarán os seguintes documentos:
  - Solicitude segundo modelo normalizado, suscrita pola persoa que formule a demanda do servizo, o seu representante legal, algún familiar ou persoa autorizada.
  - DNI do solicitante e de tódolos membros que forman a unidade de convivencia.
  - Tarxeta sanitaria do solicitante.

- Certificado de empadramento de toda a unidade de convivencia.
- Xustificante acreditativo dos ingresos do solicitante e tódolos membros da unidade de convivencia.
- Xustificante, se é o caso do pagamento do aluguer da vivenda.
- Informe médico do solicitante, así como dos membros da unidade familiar no caso de que se alegue desatención dos mesmos por enfermidade ou incapacidade.
- No caso de ter otorgado testamento, cesión ou doazón de bens. fotocopia das mesmas, en caso contrario, declaración xurada.
- Nº de cuenta bancaria para domiciliación dos pagos correspondentes.
- Calquera outra documentación que xulgue necesaria o traballador/a social dos servizos sociais de atención primaria.

Unha vez reunida a documentación necesaria, e no caso de valora-la solicitude favorablemente, o traballador/a social de servizos sociais de atención primaria, elaborará un plan de intervención no que se sinalarán obxetivos, funcións, tarefas, tempo e periodicidade y aportación da prestación.

No caso de que a valoración non sexa favorable, seralle elevada a Alcaldía que resolverá.

A proposta de resolución, tanto favorable coma desfavorable, seralle elevada a Alcaldía, que resolverá.

A resolución adoptada pola Alcaldía comunicáraselle por escrito ó solicitante.

De ser positiva a resolución, en función da dispoñibilidade do servizo, o beneficiario pasará a ser alta do SAF, ou ben á lista de espera, e ocupará nela o número de orde que lle corresponda en función da puntuación acadada no seu expediente despois da baremación. No caso de igualdade de puntuación a prioridade establecerase pola antigüidade na lista de espera.

Se un beneficiario superase os seis meses na lista de espera antes de preceder á súa alta como usuario no SAF, será preceptiva unha nova valoración da súa situación, na que lle poderá ser requirida nova documentación segundo xulgue o traballador/a social dos servizos sociais de atención primaria, e modificárase o plan de intervención se fora necesario.

Este proceso poderase acurtar cando unha situación reciba a consideración de urgente segundo o criterio do traballador/a social. A súa justificación estará motivada por presentarse a necesidade de forma imprevista e de súpeto e/ou en situacións de alto risco, e terá validez só mentres se mantéña a situación desencadenante.

O traballador/a social e a auxiliar de axuda no fogar que realizará prestación do servizo, realizarán unha visita domiciliaria conxunta, e asinarase o acordo contrato co usuario do servizo.

#### *PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO DO SERVIZO DAS PERSOAS USUARIAS*

##### *TÁBOA DE COPAGAMENTO DE AXUDA NO FOGAR*

<i>INGRESOS IPREM</i>	<i>COPAGO</i>
Entre o 100% e o 150% .....	10%
Entre o 150% e 200% .....	12%
Entre o 200% e 250% .....	15%
Entre o 250% e 300% .....	20%
Entre o 300% e 350% .....	28%
Entre o 350% e 400% .....	37%
Entre o 400% e 450% .....	45%
Entre o 450% e 500% .....	60%
> de 500% .....	65%

No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Rendidas de Efectos Múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custe do servizo.

Para o resto dos supostos o Concello de Agolada establece a modalidade do copagamento do servizo que se reflicte na tabla.

Sen perxuízo do establecido na liña anterior, poderán contemplarse excepcións aos criterios xerais no caso nos que a problemática principal atendida sexa relativa á desestructuración familiar, a exclusión social e a pobreza infantil, reflectido sempre no informe emitido polo/a traballador/a social.

#### *RECLAMACIÓNS*

Facilitárase unha folla de reclamación da que se farán tres copias, unha para o usuario, outra para o Concello e outra para o órgano competente.

Agolada, a 28 de setembro de 2009.—O Alcalde,  
ilexible. **200900799**

#### *ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE AGOLADA*

##### *LIMIAR*

O presente regulamento ten por obxecto a regulamentación dentro do Concello de Agolada de prestacións de Servizos de Axuda no Fogar (SAF), que no marco da legislación vixente compete a este Concello.

A actual ordenanza reguladora do SAF do Concello de Agolada, inscribíase dentro do ámbito de actuación da Lei 4/1993, do 14 de Abril, de Servizos Sociais; da Lei 7/1985, do 2 de Abril, regulado-

ra das bases de réxime local; do Decreto 240/1995, do 28 de Xullo, polo que se regulan os Servizos Sociais de Atención Primaria; e da Orde do 22 de Xullo de 1996 pola que se regula o SAF.

Ca entrada en vigor da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as persoas en situación de dependencia (BOE Nº 299 do 15 de decembro de 2006), e demais normativa estatal d desenvolvemento, así como a normativa de carácter autonómico, Ordee do 17 de decembro de 2007, pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa individual de atención, fijación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestións das prestacións económicas do sistema para a autonomía e atención a dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia (DGA Nº 246, do 21 de decembro de 2007); obríganos a unha adaptación e integración de novos elementos na Ordenanza Reguladora do SAF do Concello de Agolada, entre eles, a participación das persoas beneficiarias no custo dos servizos, a intensidade das prestacións, a determinación da capacidade económica así como modificacións no procedemento e resolución da concesión.

## CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### ARTIGO 1º.- DEFINICIÓN E OBXETIVOS DO SERVIZO

É obxecto da presente Ordenanza a regulación do SAF no Concello de Agolada, como programa de actuación dos Servizos Sociais de Atención Primaria.

O SAF, ten por obxecto prestar un conxunto de atencións desde unha perspectiva integral e normalizadora aos individuos e unidades de convivencia no seu domicilio, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou en situacións de desestructuración familiar, por motivos de índole física, psíquica o social, facilitando a permanencia no seu propio entorno de convivencia, favorecendo a súa calidade de vida e evitando ou retardando no posible a súa institucionalización.

O SAF, constitúe un conxunto de intervencións profesionais, de carácter preventivo e rehabilitador, que ten por obxecto a atención de situacións de dependencia no entorno do domicilio habitual dos usuarios, fomentando a autonomía persoal e favorecendo a complementariedade da familia e das redes de apoio á mesma. Ese conxunto de intervencións serán realizadas por persoal cualificado e sempre coa supervisión técnica por parte dos Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello.

A finalidade esencial do SAF é a prestación de apoio persoal, doméstico, psico-social, educativo e preventivo, orientado a facilitar aos usuarios/as

autonomía persoal suficiente, segundo a súa situación, no medio habitual de convivencia, mentres isto sexa posible e conveniente

O SAF é un servizo público que terá a consideración de prestación básica de Servizos Sociais de Atención Primaria inxerida no sistema integrado de Servizos Sociais, de carácter complementario e transitorio, con planificación, coordinación e control público.

Son obxetivos xerais do SAF os seguintes:

- 1) Posibilitar as persoas e unidades de convivencia con dificultades de autonomía persoal, na súa capacidade de relación social ou no seu autovalamento, a permanencia no seu hábitat.
- 2) Apoiar as persoas e unidades de convivencia, familias en situacións de risco por desequilibrios ou deterioro nas relacións familiares, potenciando aquelas actitudes positivas de cambio.

Son obxetivos específicos do SAF, os seguintes:

- 1) Sinalar pautas de organización axeitadas, contribuíndo á creación de hábitos axeitados para garantir e mellorar as condicións de vida.
- 2) Apoiar, compensar e facer o seguimento na atención familiar en relación cos menores, naqueles casos onde a atención sexa deficitaria.
- 3) Apoiar as familias cando estas non poidan asumir totalmente o coidado das membros mais desprotegidos, ofertando apoio individualizado que favoreza a autonomía persoal e social deses membros.
- 4) Evitar ou retardar o ingreso dalgúns membros da unidade familiar en centros asistenciais, sempre que as circunstancias o fagan posible.
- 5) Implicar os propios destinatarios do servizo na resolución da súa problemática familiar.
- 6) Previr situacións de crise individual e/o familiar prestando apoio persoal e social.
- 7) Apoiar a familia cando esta non poida realizar as funcións propias de integración e coidado dos seus membros.
- 8) Fomentar cambios favorables na dinámica familiar.
- 9) Implicar aos propios destinatarios do servizo na resolución da súa problemática persoal e/ou familiar.
- 10) Facilitar aos coidadores familiares a dispoñibilidade de tempo para actividades de carácter persoal que teñan que realizarse fora do domicilio.

**ARTIGO 2º: HORARIO**

Establécese como horario do SAF de luns a venres, quedando excluído o fin de semana, noites e xornadas festivas. O tempo de atención de cada usuario no excederá das 45 horas mensuais; excepcionalmente e de xeito extraordinario o tempo de atención poderase incrementar, naqueles casos que, por motivos alleos a vontade do usuario estén pendentes da aplicación dun recurso máis axeitado a súa situación.

A intensidade do SAF para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación de horario será flexible e conforme co plan de cuidados, de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria ademais dos días laborais os fins de semana e festivos.

**ARTIGO 3º.-CONTIDO DO SERVIZO**

O SAF ofrecerá unha atención integral e polivalente ás/os usuarias/os, abarcando a cobertura de diferentes necesidades da persoa e/ou familia, apoiando e estimulando os aspectos de relación humana, a autoestima e a mellora das condicións de vida.

Tódalas atencións, actividades e tarefas ás que se fai referencia neste artigo, aplicaranse sempre con carácter complementario das propias capacidades dos/as usuarios/as ou doutras persoas do seu entorno inmediato; e non eliminando nin substituíndo as tarefas que a/o usuaria/o poida realizar e en ningún caso suplantarán as responsabilidades familiares.

As actividades que se van desenvolver dende o SAF poderán ser complementarias doutras intervencións realizadas polos distintos profesionais doutros programas e proxectos do Servizos Sociais.

As distintas prestacións ás que se fai referencia neste artigo, deberanse desenvolver en catro ámbitos: preventivo, asistencial, rehabilitador e educativo.

As prestacións que se ofrecen dende o SAF concretaranse nos seguintes tipos de atencións:

**1).-Atencións de carácter persoal:**

Fai referencia a todas aquelas atencións dirixidas ó/a usuario/a do servizo cando non poida realizarlas por si mesmo/a ou cando precise apoio e/ou axuda para o desenvolvemento das seguintes actividades:

- a. Apoio e asistencia para erguerse e deitarse
- b. Apoio e/ou realización da higiene persoal: baño, cambio de roupa..., especialmente en persoas encamadas e incontinentes.

- c. Control do réxime alimentario e axuda persoal para aqueles/as usuarios/as que non podan comer por si mesmos.
- d. Supervisión na toma da medicación e administración, se procede, de medicamentos simples prescritos polos facultativos.
- e. Tarefas de compañía fora do fogar para a realización de trámites, xestións, visitas médicas, e outras.
- f. Movilización dentro do fogar e orientación espacio-temporal (traslados, desplazamentos, cambios posturais, etc.).
- g. Adestramento na realización das actividades da vida cotiá no entorno doméstico que potencien a autonomía do/a usuario/a.
- h. Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.
- i. Calquera outra atención de carácter persoal e específico necesarias para acadar a finalidade do servizo e sinalada no informe social.

**2).-Atencións de carácter doméstico e da vivenda:**

Entendense como tales aquelas actividades e tarefas que se teñen que desenvolver no domicilio do/a usuario/a referidas a:

- a. Limpeza da casa.
- b. Adquisición de alimentos e outras compras por conta do/a usuario/a.
- c. Preparación de alimentos no fogar.
- d. Lavar, pasar o ferro e reparar e ordear a roupa.
- e. Limpeza e mantemento da higiene e salubridade na vivenda.
- f. Pequenos arranxos alementis na vivenda do/a usuario/a.
- g. Calquera outra tarefa necesaria para o normal funcionamento do domicilio do usuario/a, e sinalada no informe social.

Estas atencións poderán ser facilitadas en parte, no seu día, por servizos complementarios que poidan ponerse en funcionamento (lavandería, xantar sobre rodas, etc.) ben polo propio Concello, o por outras administracións.

**3).-Atencións de carácter psico social e educativo:**

Refírense ás intervencións de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, da organización da economía doméstica, da afectividade, da convivencia e estruturación familiar, e da integración na comunidade onde se desenvolva a vida do/a usuario/a. Consideranse atencións de carácter social e educativo as seguintes:

- a. Organización doméstica.
  - b. Axuda a integración e socialización do/a usuario/a.
  - c. Cambios de hábitos de orde e limpeza.
  - d. Apoio na organización do orzamento familiar.
  - e. Apoio e orientación nos cambios da dinámica familiar e na estruturación familiar, relacionados coa súa normalización.
  - f. Práctica en habilidades sociais.
  - g. Facilitar actividades de ocio no propio fogar.
  - h. Axuda no manexo da correspondencia, teléfono, etc.
  - i. Comunicación e diálogo co/a usuario/a durante o tempo que dure a prestación.
  - j. Calquera outra tarefa necesaria para o desenvolvemento das capacidades persoais, de convivencia e de relación co entorno, e sinalada no informe social.
- 4).-Atencións de carácter técnico e complementario:
- a) Persoas con discapacidade ás que a axuda no fogar lles poida mellorar seu nivel de desenvolvemento persoal.
  - b) Familias que teñan anciáns, persoas con discapacidades ou enfermos crónicos ó seu cargo e que precisan axuda para poder continuar atendéndoos.
  - c) Persoas afectadas por una lesión, enfermidades físicas ou mentais ou por outros motivos, precisen das prestacións do SAF.
  - d) Persoas e familias con grave risco de desestructuración.
  - e) Familias con menores a os que haxa que cuidar ou atender por ausencia dos pais ou titorres, ou cando estes por circunstancias provisionais de enfermidade ou outros motivos, non poidan exercer as súas tarefas e non poidan proporcionarlles os cuidados e atencións axeitadas.
  - f) Outras situacións persoais ou familiares que presente situacións de risco e/o exclusión social.
  - g) Situación de sobrecargas familiares por calquera outra circunstancia non sinalada anteriormente e que sexan avaliadas polos técnicos de Servizos Sociais como necesaria de ser atendidos dende o SAF.

Inclúense aquelas xestións ou actuacións que se avalíen precisas e axeitadas, ben para a posta en funcionamento do servizo, ben para a mellora das condicións do mesmo, ou para permitir, co apoio de novas tecnoloxías, unha atención inmediata en situación de crise ou emergencia, coa aplicación de recursos tales como teleasistencia, axudas técnicas e outras actuacións encamiñadas á adecuación funcional do fogar.

#### ARTIGO 4º.-PERSOAS DESTINATARIAS E REQUISITOS

O SAF é unha prestación dirixida a toda a poboación do Concello da Agolada en situación de especial atención, e dicir, aquelas persoas ou unidades de convivencia, que polas súas capacidades físicas ou mentais, socioeconómicas ou familiares, teñan seriamente limitada a súa capacidade de relación social, e que precisen dalgunhas das atencións establecidas no artigo 3º desta ordenanza.

Establécense dúas modalidades destinatarios/as:  
MODALIDADE A:

Poderán ser potenciais usuarios/as do SAF na modalidade A, aquelas persoas e unidades de convivencia, que, sen ter recoñecida valoración de dependencia ao abeiro da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, a súa situación persoal e/ou familiar se encadren nun marco de problemáticas concretas tales como:

- a) Persoas con certo nivel de dependencia que non teñan apoio de ninguén e que con esta axuda, poidan continuar vivindo no seu fogar.

En xeral, poderán ser usuarios/as do SAF aquelas persoas e/ou familias nas que existe unha situación de necesidade de atención, e que de acordo coa valoración do

traballador/a social do servizo social municipal de atención primaria, supoña o SAF o recurso idóneo de atención.

#### MODALIDADE B:

Serán usuarios/as do SAF na modalidade B, aquelas persoas que teñan a resolución de recoñecemento da situación de dependencia, co correspondente grao e nivel, ó abeiro da Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, e que teñen a resolución do Programa Individual de Atención (PIA) onde se determine o SAF.

O acceso ao SAF producirase a través dos servizos sociais municipais de atención primaria de Agolada.

Os requisitos para poder ser usuarios/as del SAF serán os seguintes:

#### MODALIDADE A

- 1) Estar empadronado e con residencia efectiva no Concello de Agolada.
- 2) Atoparse nalguha situación sinalada na presente ordenanza.



- 3) Formular a correspondente solicitude coa documentación, na forma e lugar establecidos na presente ordenanza.
- 4) Que exista un informe social coa prescripción técnica do SAF favorable.
- 5) Alcanzar unha puntuación mínima de 5 puntos en los baremos establecidos

#### MODALIDADE B

O acceso ao servizo será directo para as persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución.

- 1) Estar empadroadado e con residencia efectiva no Concello de Agolada.
- 2) Ter a resolución emitida polo órgano competente da Administración ao abeiro da Lei 39/2006 do 14 de Decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as Persoas en Situación de Dependencia, do recoñecemento do grao e nivel de dependencia e a resolución do Programa Individual de Atención (PIA) onde se determine o servizo de axuda no fogar.

#### ARTIGO 5º.-DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

- As persoas usuarias do servizo, ademais dos dereitos que con carácter xeral se llerecoñecen no artigo 6 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais,
- terán dereito: Recibir a información que afecta ás condicións e contados das prestacións.
- Recibir as prestacións axeitadas as súas necesidades, coa calidade e condicións, contados e duración que en cada caso se determinen.
- Recibir orientación respecto de recursos alternativos que resultasen necesarios para a súa situación.
- Recibir información das modificacións que puidieran producirse no réxime da prestación.
- Ser tratadas con respecto e dignidade.
- Coñecer el regulamento do servizo e a organización do mesmo.
- Ser tratados con confidencialidad os seus datos, ao abeiro da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de Decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Exercer o dereito de queixa conforme ás disposicións vixentes.

Presentar suxestións ao persoal responsable do servizo.

#### ARTIGO 6º.-DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas usuarias demais dos deberes que con carácter xeral se contemplan no artigo 7 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais, terán os seguintes deberes:

- Adoptar una actitude colaboradora e manter un trato correcto no desenvolvemento da prestación do servizo, respetando a dignidade persoal e profesional das persoas que prestan o servizo.
- Achegar canta información sexa demandada en orde á avaliación das circunstancias persoais, familiares e sociais que poidan determinar a necesidade da prestación do servizo.
- Informar de calquera cambio que se produza na súa situación persoal, familiar, social e económica, que puidera dar lugar á modificación, suspensión ou extinción do servizo.
- Cumprir coas condicións do servizo, facilitando a execución das tarefas do persoal do servizo.
- Poñer a disposición do persoal que desenvolva as tarefas do servizo, se fose o caso, os medios materiais e instrumentais necesarios.
- Colaborar, na medida das súas capacidades, no desenvolvemento do servizo e nos termos acordados no programa individual, asinado mediante contrato.
- Respetar os límites das obrigas laborais das persoas que prestan o servizo.
- Comunicar as ausencias temporais do domicilio que requiran unha suspensión temporal do servizo, con un mínimo de 15 días de antelación.
- Participar no pagamento do servizo nos termos que figuren na resolución da concesión do servizo, debendo aboar ao Concello ou, no seu caso a entidade adjudicataria do servizo o prezo público mensual dentro dos 10 primeiros días de cada mes.

#### ARTIGO 7º: CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SERVIZO

Son causas de extinción do servizo de SAF:

- a) A renuncia da persoa usuaria.
- b) O cambio de programa individual de atención ou de proxecto de intervención que implique o cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- c) Traslada definitivo da súa residencia a outro Concello.
- d) Fallecemento da persoa usuaria.
- e) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as perrsoas usuarias na prestación de servizo.

- f) A falta reiterada de pagamento do servizo.
- g) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

Ademais, con carácter xeral a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

#### ARTIGO 8º.-CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SERVIZO

Son causas de extinción temporal do servizo, previa tramitación do correspondente expediente o informe razoado do persoal técnico do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1. Ausencia temporal do domicilio.
2. Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo; poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causantes da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na normativa reguladora.

### CAPÍTULO II: DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

#### SECCIÓN I

#### DISPOSICIÓNS COMÚNS A TODAS AS ENTIDADES PRESTADORAS

#### ARTIGO 9º.-RÉXIME XERAL DE AUTORIZACION E INSPECCIÓN

1. Todas as entidades prestadoras de servizos sociais, públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro, que desenvolvan o SAF, deberán estar debidamente autorizadas de conformidade co establecido no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e centros de servizos sociais.
2. Así mesmo, estarán suxeitas á inspección e ao réxime sancionador vixente en materia de servizos sociais.
3. As entidades que presten servizos de atención a persoas en situación de dependencia deberán acreditarse de conformidade co disposto na Lei 39/2006, do 14 de decembro, e o Decreto 143//2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e centros de servizos.

#### ARTIGO 10º.-FORMAS DE PRESTACION DO SERVIZO

1. O servizo público de axuda no fogar prestarase polas entidades locais, ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos reguladas na normativa vixente sobre contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.
2. Ademais, as entidades privadas poderán realizar a prestación dun servizo privado de axuda no fogar en réxime de libre mercado sempre que cumpran os requisitos de autorización e acreditación legalmente establecidos.
3. As entidades privadas no poderán subcontratar a execución da prestación principal do SAF, entendendo por tal, a atención regular e continuada realizada no fogar da persoa ou unidade de convivencia usuaria, en aplicación do proxecto de intervención deseñado para cada caso.
4. Ademais sen prexuízo do establecido no apartado 1 deste artigo, os servizos poderán ser prestados mediante fórmulas de colaboración institucional entre as administracións competentes ou por entidades de dereito público, de acordo co establecido na lexislación vixente.

#### ARTIGO 11º.-REQUISITOS ESPECÍFICOS

O servizo estará coordinado por un/a traballador/a social. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo esixible será de 0.02 profesionais en computo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demais casos aplicarase a seguinte táboa:

Nº de persoas usuarias	Persoal técnico mínimo
50 a 99	1 traballador/a social a xornada completa
10 a 199	2 traballador/a social a xornada completa
200 a 399	3 traballador/a social a xornada completa

Incrementos sucesivos por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá u incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa.

A entidade contará e expoñerá públicamente o regulamento de funcionamento do programa, no que se incluírá como mínimo a seguinte información:

- a. Identificación da entidade titular, sede oficial e oficina base do programa.
- b. Ámbito de actuación.
- c. Dereitos e deberes da persoa usuaria e dad entidade.
- d. Descrición dos servizos que se prestan.

- e. Procedemento para causar alta, baixa, modificación ou suspensión do servizo.
- f. Protocolo para inicio da prestación efectiva e establecemento do vínculo entre a/o auxiliar de axuda no fogar e a persoa usuaria do servizo.
- g. Modelo do acordo de servizo entre a persoa usuaria e entidade.
- h. Horarios de atención ao público na oficina base do programa.
- i. Límites horarios para a prestación do servizo.
- j. Réxime de visitas aos domicilios do/a técnico/a que coordine ou supervise o programa.
- k. Potocolo de actuación no caso de urgencias e de incidencias.
- l. Protocolos de substitución da persoa auxiliar de axuda no fogar e de cesación do servizo.
- m. Protocolo de actuación no caso de queixa no libro de reclamacións.
- n. Cadro de persoal.
- o. Cadro de prezos.

O concello titular do SAF, tanto se o presta en réxime de xestión directa como se o presta en réxime de xestión indirecta, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no que constará, cando menos:

- Un informe social, asinado polo traballador/a social da entidade titular do servizo.
- Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable.
- Un acordo de servizo asinado entre a entidade titular do servizo e a persoa usuaria.

A persoa que exerza como responsable técnica do servizo garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria; desta supervisión quedará constancia no correspondente expediente individual.

## SECCIÓN II

### DA PRESTACIÓN DO SERVIZO POLAS ENTIDADES LOCAIS

#### ARTIGO 12º.-MODALIDADES DE ACCESO AO SERVIZO

O acceso ao servizo producirase a través dos servizos sociais comunitarios básicos, de acordo coas seguintes modalidades:

1. O acceso ao servizo será directo para as persoas que tendo recoñecida a situación de dependencia, se lle asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido

no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como á Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, previa prescripción técnica favorable dos servizos sociais comunitarios básicos, resolverase en réxime de libre concurrencia

#### ARTIGO 13.-CRITERIOS DE ORGANIZACIÓN DO SERVIZO

1. O servizo de axuda no fogar estará integrado nos servizos sociais comunitarios básicos de titularidades municipal e será coordinado por un/a traballador/a social dos servizos sociais do Concello de Agolada
2. No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.
3. No acceso en libre concurrencia, a tramitación das solicitudes farase nos servizos sociais do Concello, que levará a apertura dun expediente individual, ó que lle achegarán os seguintes documentos:
  - Solicitud segundo modelo normalizado, suscrita pola persoa que formule a demanda do servizo, o seu representante legal, algún familiar ou persoa autorizada.
  - DNI do solicitante e de tódolos membros que forman a unidade de convivencia.
  - Tarxeta sanitaria do solicitante.
  - Certificado de empadramento de toda a unidade de convivencia.
  - Xustificante acreditativo dos ingresos do solicitante e tódolos membros da unidade de convivencia.
  - Xustificante, se é o caso do pagamento do aluguer da vivenda.
  - Informe médico do solicitante, así como dos membros da unidade familiar no caso de que se alegue desatención dos mesmos por enfermidade ou incapacidade.
  - No caso de ter otorgado testamento, cesión ou doazón de bens, fotocopia das mesmas, en caso contrario, declaración xurada.

- Nº de cuenta bancaria para domiciliación dos pagos correspondentes.
- Calquera outra documentación que xulgue necesaria o traballador/a social dos servizos sociais de atención primaria.

Unha vez reunida a documentación necesaria, e no caso de valoralasolicitude favorablemente, o traballador/a social de servizos sociais de atención primaria, elaborará un plan de intervención no que se sinalarán obxetivos, funcións, tarefas, tempo e periodicidade y aportación da prestación.

No caso de que a valoración non sexa favorable, seralle elevada a Alcaldía que resolverá.

A proposta de resolución, tanto favorable coma desfavorable, seralle elevada a Alcaldía, que resolverá.

A resolución adoptada pola Alcaldía comunicaselle por escrito ó solicitante.

De ser positiva a resolución, en función da dispoñibilidade do servizo, o beneficiario pasará a ser alta do SAF, ou ben á lista de espera, e ocupará nela o número de orde que lle corresponda en función da puntuación acadada no seu expediente despois da baremación. No caso de igualdade de puntuación a prioridade establecerase pola antigüedad de na lista de espera.

Se un beneficiario superase os seis meses na lista de espera antes de preceder á súa alta como usuario no SAF, será preceptiva unha nova valoración da súa situación, na que lle poderá ser requirida nova documentación segundo xulgue o traballador/a social dos servizos sociais de atención primaria, e modificarase o plan de intervención se fora necesario.

Este proceso poderase acurtar cando unha situación reciba a consideración de urgente segundo o criterio do traballador/a social. A súa justificación estará motivada por presentarse a necesidade de forma imprevista e de súpeto e/ou en situacións de alto risco, e terá validez só mentres se manteña a situación desencadenante.

O traballador/a social e a auxiliar de axuda no fogar que realizará a prestación do servizo, realizarán unha visita domiciliaria conxunta, e asinarase o acordo contrato co usuario do servizo.

#### *ARTIGO 14º.-INTENSIDADE NA PRESTACION DO SERVIZO*

A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico correspondente.

A intensidade do SAF para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa apli-

cación horaria será flexible e conforme co proxecto de intervención.

Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada na prescripción efectuada polos correspondentes servizos sociais de Agolada.

#### *ARTIGO 15º.-DETERMINACIÓN DA CAPACIDADE ECONÓMICA DAS PERSOAS USUARIAS*

1. Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a que se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria a un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.
2. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención as súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas conviventes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos párrafos seguintes.
3. A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.
4. Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder.
5. No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe, o relación semellante a conyugal, as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.
6. Para o acceso o servizo a través do sistema de libre concurrencia terase en conta os ingresos da unidade de convivencia.
7. Para o cómputo da renda ou patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.
8. As entidades locais titulares do servizo establecerán os mecanismos de revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do SAF.

**ARTIGO 16º.-PARTICIPACIÓN NO FINANCIAMENTO  
DO SERVIZO DAS PERSOAS USUARIAS**

**TÁBOA DE COPAGAMENTO DE AXUDA NO FOGAR**

<i>INGRESOS IPREM</i>	<i>COPAGO</i>
Entre o 100% e o 150% .....	10%
Entre o 150% e 200% .....	12%
Entre o 200% e 250% .....	15%
Entre o 250% e 300% .....	20%
Entre o 300% e 350% .....	28%
Entre o 350% e 400% .....	37%
Entre o 400% e 450% .....	45%
Entre o 450% e 500% .....	60%
> de 500% .....	65%

No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custe do servizo.

Para o resto dos supostos o Concello de Agolada establece a modalidade do copagamento do servizo que se reflicte na tabla.

Sen perxuízo do establecido na liña anterior, poderán contemplarse excepcións aos criterios xerais no caso nos que a problemática principal atendida sexa relativa á desestructuración familiar, a exclusión social e a pobreza infantil, reflectido sempre no informe emitido polo/a traballador/a social.

**SECCIÓN III**

**DA PRESTACIÓN DO SERVIZO POR ENTIDADES PRIVADAS**

**ARTIGO 17º.-DA COORDINACIÓN COS SERVIZOS  
SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS**

As entidades privadas que presten o SAF mediante financiamento total ou parcial con fondos públicos, ou que atendan a persoas usuarias derivadas do sistema de autonomía persoal e atención a dependendencia, manterán unha coordinación efectiva cos servizos sociais comunitarios básicos.

Para tal efecto establecerán u protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria dirixido aos servizos comunitarios básicos do Concello de Agolada.

Así mesmo trasladarán aos servizos comunitarios básicos municipais das persoas usuarias copia actualizada do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento.

**ANEXOS DA ORDENANZA E MODELOS DE  
PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN**

Todos os anexos referidos na presente ordenanza ou modelos normalizados para a solicitude destas subvencións, serán facilitados polos Servizos So-

ciais do Concello, ou ben a través da súa páxina web ([www.agolada.es](http://www.agolada.es))

**DISPOSICIÓN ADICIONAL**

As persoas beneficiarias dos servizos na actualidade, disporán dun prazo dun mes a contar dende a entrada en vigor do presente Regulamento para presentar a documentación necesaria de conformidade co establecido no devandito Regulamento, a efectos de valorar o prezo público que lles pudiera corresponder aboar.

Unha vez presentada a documentación citada o Concello emitirá proposta de resolución nun prazo máximo de dous meses, que determinará, no seu caso, o importe a aboar por cada usuario do SAF, dita proposta será notificada aos interesados para que nun prazo de quince días manifiesten por escrito a súa aceptación. No caso contrario se dictará resolución de extinción no servizo procedendo ao arquivo do expediente.

**DISPOSICIÓN FINAL**

Esta Ordenanza derrogará á disposición vixente na actualidade, aprobada polo pleno do Concello en sesión de data 28 de Abril de 1998, e entrará en vigor coa súa publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, segundo o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local.

Contra a aprobación definitiva desta ordenanza poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (artículos 10 e 46 da Lei 29/1998). Isto sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme a Dereito.

Agolada, 1 de xullo de 2009.—O Alcalde, Ramiro Varela Peón.

**2009010797**

\* \* \*